En calquera caso, trátase dun tema reincidente e práctica común que está a ocorrer non só en Toralla, senón tamén noutros lugares e hábitats sensibles, que requiren dunha solución, xa que ocasionan un problema ecolóxico e incluso poden constituír un problema sanitario.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego do miles de cabalóns mortos en Toralla?

2ª) Que opinión lle merece o Goberno galego o contido deste vídeo?



Grupo Parlamentario

3ª) Coñece o Goberno galego cal é a causa da morte dos miles de cabalóns que se están a producir nalgunhas das rías galegas, de ser o caso, que medidas está a adoptar ao respecto?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Á vista da denuncia pública feita polo biólogo Manuel E. Garci, vai facer o Goberno galego algún tipo de investigación en relación coa morte destes peixes?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/09/2017 16:32:24

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2017 16:32:56



Á Mesa do Parlamento

Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a difusión dun panfleto con contido machista alabando as touradas.

No mes de agosto produciuse na Coruña a distribución dun panfleto protaurino onde se contiña unha editorial infame que, lonxe de facer uso da liberdade de expresión, incluía frases como: “La muerte de un hijo por su propia madre, se le llama; DERECHO DE LA MUJER”.

Este é o nivel do lobby taurino local, onde se ataca ás mulleres por un acto, a interrupción voluntaria do embarazo, completamente legal e non exenta de ser unha dura decisión persoal. Esta frase resulta un auténtico atentado contra os dereitos das mulleres e a demostración perfecta do nivel de involución e de pre-democracia que practican estes grupúsculos.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

- Que lle parece ao Goberno esta frase? Pensa que está no eido da liberdade de expresión?
- Por que motivo a Secretaría Xeral de Igualdade non actuou de oficio?
- Pensa o Goberno desenvolver algunha medida para reprobar este panfleto e aos seus responsables?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/09/2017 17:46:38

Francisco Casal Vidal na data 05/09/2017 17:46:47

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o apoio da Xunta de Galicia a un tentadeiro taurino no concello de Moraña.

O cartel da XXI Romaría cabalar de Moraña inclúe na súa programación de actividades a realización dun tentadeiro taurino para o día 3 de setembro. Este acto de maltrato animal semella contar co apoio da Xunta de Galicia, posto que a súa imaxe corporativa aparece incluída no apartado de institucións colaboradoras.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

- Que apoio prestou a Xunta á esta romaría cabalar?
- Da soporte o Goberno a espectáculos taurinos? Cantos cartos gastou na romaría de Moraña?
- Coñecía o Goberno o programa de actividades de maneira previa ao apoio?
- Dispón o Goberno dalgún retén da Policía Autonómica para velar polo desenvolvemento dos ‘tentadeiros’?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/09/2017 17:57:33

Francisco Casal Vidal na data 05/09/2017 17:57:40

Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa Resposta por Escrito**.

A Consellería de Medio Rural, directamente ou a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ten diferentes liñas de colaboración e cooperación cos Concellos de Galicia en materias de medio rural, co obxectivo xenérico de protexer e potenciar o rural galego.

Os orzamentos vixentes da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural destinan 15.998.687 euros ao Plan de mellora de camiños municipais, para as anualidades de 2017 e 2018.

Esta actuación, que se enmarca nun proceso de colaboración entre entidades públicas, pretende contribuír a mellora dos camiños de titularidade municipal que se desenvolvan no territorio de Galicia, exceptuando as parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas (ZDP), co obxectivo de reforzar e dinamizar o tecido social e económico das áreas rurais.

O Plan de mellora de camiños é unha ferramenta dirixida a todos os concellos de Galicia que conta coa participación e consenso da FEGAMP, particularmente no que atinxe á elección dos criterios que rexerán para a repartición dos fondos, entendendo que deben ser criterios absolutamente obxectivos.

No Diario Oficial de Galicia de 31 de maio de 2017 publicouse a Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de melloras de camiños municipais 2017-2018.

Nesta Resolución establécense todos os requisitos que deben cumprirse para optar á axuda concedida. Un destes requisitos é presentar, no prazo dun mes a partir da publicación na resolución, a solicitude de axuda.



Por outra banda, a Consellería de Medio Rural mantén outra liña de traballo colaborativa cos concellos para prevención e loita contra os incendios forestais, unha das maiores lacras que sofre o medio rural galego cada ano. O apoio da Xunta de Galicia aos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais é unha ferramenta importante para preservar a potencialidade das masas arbóreas e o ecosistema.

En atención ao anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes do Grupo Popular, formulamos a seguinte preguntas para resposta escrita:

- 1.- O Concello de Santiago de Compostela presentou a solicitude de axuda ao plan de mellora de camiños municipais para o período 2017-2018?
- 2.- Qué actuacións se recollen no proxecto presentado xunto á solicitude?
- 2.- No pasado exercicio 2016 o concello tiña concedida unha axuda por este mesmo concepto de 91.775 euros . Cal foi o investimento realmente realizado e xustificado?
- 3.- O Concello de Santiago ten asinado o convenio para prevención e defensa dos incendios? En qué data e con qué fins?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 05/09/2017 19:21:28

José González Vázquez na data 05/09/2017 19:21:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2017 19:22:28

Raquel Arias Rodríguez na data 05/09/2017 19:22:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/09/2017 19:22:43

Moisés Blanco Paradelo na data 05/09/2017 19:22:53



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15509
Data envío: 05/09/2017 19:31:08.953

Carlos Gómez Salgado na data 05/09/2017 19:23:04

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 19:23:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinação que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que cómpre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda a dita Plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construírá, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten nel serán todos de titularidade pública.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprise os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a súa posible radicación. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar de 4600 m² cedido polo Concello de Ourense e radicado no barrio de Barrocás.

Pasados máis de catro meses dende este anuncio, e ante a falla de novas ao respecto, dende o Grupo Socialista amosamos a nosa preocupación polos graves prexuízos que o atraso desta obra podería causar ás familias que levan anos esperando a que o Goberno galego cubra o déficit que supón para a provincia de Ourense o ser a única das catro galegas que non dispón dun centro destas características.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) En que fase se atopa a construción do centro radicado en Ourense, para persoas con discapacidade maiores de 21 anos?

2ª) Cedeu o Concello de Ourense á Xunta de Galicia a parcela de titularidade municipal na que está previsto construír este centro, se for o caso, en que data se levou a cabo a dita cesión?

3ª) En que data ten previsto a Xunta de Galicia sacar a concurso a redacción do proxecto desta infraestrutura?

4ª) Cando ten previsto a Xunta de Galicia que finalice a redacción do proxecto?

5ª) En que data ten previsto o Goberno galego licitar a construción deste centro?

6ª) Cando estima o Goberno galego que poderá estar en funcionamento esta infraestrutura?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/09/2017 11:36:33

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2017 11:36:41

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Álvarez, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O deputado que asina solicita en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é o número de subvencións, diferenciando as solicitadas e as concedidas, para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do ticket eléctrico social de Galicia, dende a súa posta en marcha ata xullo de 2017, desagregados os datos por concellos?

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/09/2017 11:29:24

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En Lourizán, a planta depuradora supramunicipal dos Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta EDAR encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia de Pontevedra, pero tamén de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo e Vilaboia. Como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas. Tanto é así que, dende finais de 2014, unha parte moi importante dos bancos marisqueiros adscritos ao pósito de Raxó xa foran declarados zona C.

En xullo de 2016, o director de Augas de Galicia reunírase con concelleiros de Poio e co entón alcalde de Sanxenxo para reafirmar o seu compromiso coa construción da futura depuradora de Poio. De novo, unha mágoa de reunión, posto que só servira para “botar as culpas” ao Concello de Poio, pedíndolle celeridade na decisión do emprazamento; iso si, nada se dixera da negativa do Concello de Sanxenxo para acoller esta instalación no seu terreo.

Polo visto, existen tres radicacións viables técnica e economicamente, unha no termo municipal de Sanxenxo e dúas no de Poio, que, dicía hai un ano o director de Augas de Galicia, terá que elixir unha coa máxima celeridade posible. Estamos xa en setembro de 2017 e seguimos á espera da EDAR de Poio e do saneamento da ría de Pontevedra.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten realmente o Goberno da Xunta de Galicia compromiso coa construción da futura depuradora no concello de Poio, na provincia de Pontevedra?

Grupo Parlamentario

2ª) Cales son as tres radicacións viables técnica e economicamente?

3ª) Onde se atopan estas dúas radicacións no concello de Poio?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Onde se atopa a outra radicación no concello de Sanxenxo?

5ª) Que di o novo alcalde de Sanxenxo sobre a posible radicación da EDAR no seu termo municipal?

6ª) Para cando a EDAR de Poio e o saneamento da ría de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2017 12:37:01

Raúl Fernández Fernández na data 06/09/2017 12:37:08

María Luisa Pierres López na data 06/09/2017 12:37:16

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coa resposta á pregunta con número de Rexistro 4142, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre “a posta en marcha por parte do Goberno galego do centro de día do concello de Corcubión”, indican que “... na Costa da Morte existen actualmente dous centros de día dependentes do Consorcio, nas localidades de Muros e de Cabana de Bergantiños”.

Neste sentido, é necesario indicar que a distancia entre Corcubión e Cabana de Bergantiños é aproximadamente de 50 km, e o tempo de desprazamento estaría entre 50 minutos e unha hora e dez minutos. Pola súa banda, a distancia entre Corcubión e Muros, é aproximadamente de 44 km, e o tempo necesario para desprazarse sería entre unha hora e cinco e unha hora e cuarto. Tempos de ida, aos que hai que sumar os tempos de volta, todo isto, recordando que os usuarios do centro de día son persoas maiores e dependentes.

Cabe destacar que Corcubión conta cun edificio rehabilitado para o seu uso como centro de día, no que se investiron en torno a 350.000 euros, cunha capacidade para 25 persoas aproximadamente. A súa radicación é inmellorable atopándose no centro da localidade contando cunha correctísima accesibilidade e proximidade ao centro de saúde da vila; así como ao hospital de Cee a tan só 1,5 km. Este centro non está en funcionamento debido á falta de recursos económicos do concello e cabe salientar que sería o único centro de día da zona sur da comarca da Costa da Morte e xunto co de Muros os únicos de toda a comarca.

Polo tanto, a criterio, non só do deputado e das deputadas que asinan esta iniciativa, senón tamén dos veciños e veciñas da comarca da Costa da Morte, carece de toda lóxica e resulta indignante a resposta dada polo Goberno galego á pregunta formulada.

Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Que opinión lle merece ao Goberno galego que o feito de non poñer en funcionamento o centro de día de Corcubión obriga aos maiores dependentes a un desprazamento duns 100 km diarios que supoñen unhas dúas horas mínimas?

2ª) Valorou o Goberno galego na súa resposta a idade dos usuarios e usuarias dos centros de día, así como as necesidades derivadas por tratarse de persoas dependentes?

3ª) Que opinión lle merece ao Goberno galego que o centro de día de Corcubión, posto a disposición polo Concello e construído con cartos públicos, non se poña en funcionamento?

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/09/2017 17:29:09

Noela Blanco Rodríguez na data 06/09/2017 17:29:24

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2017 17:29:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15653
Data envío: 07/09/2017 11:05:28.394

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A mediados de marzo do presente ano en Melide non se fala doutra cousa: "Xunto ao colexio nº 2 vaise instalar unha planta de biomasa que fornecerá de auga quente e calefacción a toda a vila". Entre a sorpresa e a indignación sucédense os comentarios. A alarma social vai medrando. É así que xorde unha plataforma veciñal preocupada polo risco dos alumnos e da veciñanza que comeza a recoller sinaturas en contra do proxecto e procura divulgación e apoios.

A nova salta no Concello. Efectivamente, o 2 de marzo a empresa MEDANCLI SL solicita licenza municipal para a construción da rede de calor "*Camiño de Santiago*".

O 14 de marzo a empresa presenta a solicitude de licenza para a nave industrial (A Martagona, lindando co colexio nº 2). O feito de que a potencia da caldeira non exceda de 1 Mw (1.000 Kw) facilita a súa tramitación dado que non esixe informes medioambientais. A nave vai con 3 chemineas pero soamente funcionaría unha.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15653
Data envío: 07/09/2017 11:05:28.394

A canalización da tubaxe irá por fases, pois a primeira delas non pode cruzar estradas de competencia extra-municipal nin pode afectar ao Camiño de Santiago, non teñen os permisos correspondentes, en especial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O 29 de marzo xorde unha denuncia dun particular, polo que o 26 de abril a alcaldía, vía resolución, paraliza a obra e esixe a reposición da legalidade. A finais de abril a empresa presenta un proxecto modificado de instalación, (cambio de localización), no Marco (polígono 53 parcela 148), a 200 m. escasos do colexio da Martagona. Caldeira 1.000 Kw.

O 7 de xuño comezan os trámites para conceder a licenza para nave na nova localización. O 20 de xuño, o concello en Xunta de Goberno Local concede a licenza de construción de nave e soterrado de tubaxes. A celeridade dos trámites foi obxecto de crítica por parte do BNG. Para facer efectiva dita licenza era preciso presentar o oficio de obra visado, así como a correspondente acta de replánteo (o último soamente en relación á construción da nave). Nesta ocasión 2 tenentes de alcalde non asisten á reunión cando o facían habitualmente.

O 5 de xullo o BNG accede (unha vez máis) ao expediente e detecta falsidade documental, e xa ese mesmo día fai unha advertencia de carácter verbal. Tamén pregunta pola acta de replanteo, dado que a mesma non constaba no expediente. Ao día seguinte convócase unha xunta de voceiros, feito totalmente atípico. O 7 de xullo o BNG instou á alcaldía para que declarase nulo o acordo de licenza.

O proxecto (en primeira fase) conta cunha axuda de 1.000.000 de euros por parte do INEGA (cofinanciado con fondos FEDER). Prazo de execución: antes de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15653
Data envío: 07/09/2017 11:05:28.394

novembro de 2017. O 10 de xullo celébrase a xunta de voceiros e xa se adianta por parte da alcaldía que atenderían o escrito do BNG.

O 14 de xullo o concello paraliza de forma provisional a licenza, e dáselle 10 días á empresa para presentar alegacións. No concello apóianse no escrito do BNG acerca da falsidade documental. Neste instante é cando o asesor xurídico fala das consecuencias (mesmo de tipo penal) que implica a falsidade documental.

O 21 de xullo o BNG comproba que non se cumpriu un requisito previo ao inicio das obras: non existe oficio de dirección de obra.

Veciños da Plataforma consultan o expediente no INEGA e descubren contratos de exclusividade asinados pola empresa e por un concelleiro do PP no goberno, contratos negados en todo momento polo Concello.

O 2 de agosto a empresa renunciou formalmente á axuda e devolveu 500.000 euros que tiña percibido en concepto de anticipo. Xusto ao día seguinte o INEGA declarou a perda de eficacia da concesión da axuda outorgada polo director do INEGA e procedeu ao arquivo do correspondente expediente. O día 8 de agosto o director do INEGA ditou resolución de aceptación de renuncia.

Se houbera que poñer un cualificativo a toda esta maraña sería o de chapuza. É que no Concello de Melide están a velas vir, ou hai intereses inconfesables por detrás de toda esta operación?

É viable unha planta de Biomasa de 1 Mw para fornecer de enerxía térmica á vila de Melide, ou é necesaria máis potencia (3 Mw), tal e como se desprende no proxecto, en concreto tres chemineas e tres caldeiras?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15653
Data envío: 07/09/2017 11:05:28.394

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cales son as razóns para que un organismo que manexa fondos públicos, coma o INEGA, poida conceder unha axuda a un proxecto que xa desde o seu inicio presenta un bo número de irregularidades e que non ten en si mesmo viabilidade?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 11:04:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15653
Data envío: 07/09/2017 11:05:28.394

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 11:04:23

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 11:04:26

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 11:04:27

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 11:04:29

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 11:04:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15659
Data envío: 07/09/2017 11:06:54.582

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa as demoras tanto na avaliación como na concesión das prestacións as persoas en situación de dependencia.

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñécese o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.

Mais a realidade é que a concreción dos dereitos recoñecidos na Lei non se están a facer nin en tempo nin en forma. Falta de orzamentos e de persoal



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15659
Data envío: 07/09/2017 11:06:54.582

suficientes, poucos medios, trámites burocráticos excesivos, colapsos en moitos dos servizos de xestión e atención...

Isto está a xerar retrasos escandalosos na resolución dos expedientes, e como consecuencia no recoñecemento e concesión das prestacións ás que as persoas en situación de dependencia teñen dereito.

A lexislación en vigor, establece 3 meses para facer valoración de grao de dependencia, dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para instrución e resolución do expediente, máis outros tres meses dende a resolución de grao e nivel para facer o PIA (Proposta Individual de Atención), é dicir asignación de recurso de atención.

Está a ser sistemático o incumprimento dos prazos de resolución. Expedientes sen resolver incluso durante anos cando a lexislación establece o prazo de meses. Segundo a información da que dispón o BNG a Xunta de Galiza está a tardar en rexistrar as solicitudes de dependencia unha media de 3 meses, acelerando só emerxencias e crianzas de menos de 3 anos.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cales son os tempos de agarda dende que entra por rexistro unha solicitude ata que efectivamente ten o recurso a persoa demandante?

-Que motiva o enorme retraso que viven miles de persoas en Galiza para disfrutar da prestación ou servizo que lle corresponde segundo a lei de dependencia?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15659
Data envío: 07/09/2017 11:06:54.582

-Cal é o número de persoas que agardan para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia?

-Coida que os recursos humanos destinados a este fin é suficiente?

-Substitúese á totalidade do persoal nas súas ausencias, sexan por permisos, licenzas, vacacións, baixas...? Cal é o criterio para facelo?

-Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para solucionar este problema?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15659
Data envío: 07/09/2017 11:06:54.582

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 10:56:30

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 10:56:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 10:56:37

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 10:56:39

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 10:56:41

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 10:56:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O 23 de maio de 2017, o Presidente da Xunta, nunha visita ao centro interxeracional da Fundación Amancio Ortega en Arteixo, comprometeuse publicamente a que no curso 2017-2018 todas as familias en lista de agarda para escolas infantís autonómicas contarán con praza nestas ou con bono concilia, para conquistar o obxectivo de “lista de espera cero” e, ademais, comprometeu 22.500 prazas públicas en escolas infantís para o vindeiro curso.

En xuño de 2017, cos datos definitivos por centros de titularidade autonómica dependentes do Consorcio, había 4.088 familias en lista de agarda.

No mes de setembro de 2017, a lista de agarda en escolas infantís de 0 a 3 anos elévase a 1.178 nenos e nenas, habendo 1.044 vacantes en prazas de 0 a 1 anos e 482 prazas reservadas para situacións de emerxencia social.

O número de matrículas en Escolas Infantís de titularidade autonómica a inicio do curso 2017-2018 elévase a 8.023, con desigual distribución por provincias (855 – Ourense, 885 – Lugo, 3.393 - A Coruña, 2.889 – Pontevedra).

A rede das escolas infantís dependentes da Xunta ten unha distribución territorial moi desigual, sendo Lugo a provincia con menor ratio de escolas públicas autonómicas (apenas un 8% do total galego).



Tamén é limitante en canto ao acceso a escolas infantís a suba de prezos, que se actualizan co IPC (por tal motivo, este curso as taxas soben un 3,2%), cando as rendas das familias se estancaron ou caeron, sobre todo das máis baixas, co cal dende En Marea reclamamos un cambio nas taxas que aumente as exencións a familias que teñan menos de 12.000 € de renda ao ano, namentres non temos un sistema universalizado de prazas públicas.

O 24 de maio de 2017 publicouse a orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís de 0 a 3 anos, non sostidas con fondos públicos - bono Concilia –, para sufragar os custos dunha praza en escolas infantís privadas.

Aínda que as axudas do bono concilia se abren a todas as familias nas que se produza nacemento, acollemento ou adopción e que se amplían os supostos de admisión de solicitudes fóra de prazo, estas só se permiten para familias que residan en concellos onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos. Tendo en conta que na propia orde, no seu artigo 3.2 se define que as “prazas sostidas con fondos públicos” son as da Axencia Galega de Servizos Sociais, as dependentes do Consorcio, as municipais e inclúen tamén como prazas sostidas por fondos públicos as “dependentes de entidades privadas de iniciativa social que reciban axudas da Xunta de Galicia para o mantemento do centro”, as familias que residan en concellos que teñan algún destes recursos, non poderán acollerse á ampliación de prazo de solicitude do bono concilia se teñen un fillo ou filla no segundo semestre de ano 2017, teñan ou non praza en escola infantil.

Contar con recursos de conciliación en todo o territorio debe ser unha prioridade do goberno dun país socialmente avanzado, máis cando se trata dunha nación en grave regresión demográfica.

Dende o punto de vista da conciliación, as escolas infantís son fundamentais para garantir a igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres, pois seguen sendo as mulleres as principais coidadoras de menores de 3 anos, as que máis solicitan redución de xornada por coidado de fillos/as e as que máis tempo dedican a tarefas relacionadas co coidado e co fogar.

A rede de ensino infantil é un recurso fundamental desde este punto de vista da conciliación, pero non suficiente: cómpren permisos de maternidade e paternidade iguais e intransferibles, superiores aos actuais, de un ano, estando, ademais, demostrada a importancia para o desenvolvemento emocional do contacto afectivo coas persoas proxenitoras ou titoras dos e das bebés durante o primeiro ano de vida.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como vai garantir a Xunta de Galicia a promesa do Presidente Feijóo de ter “lista de agarda 0 en escolas infantís” no ano 2017? Como vai cumprir a Xunta a promesa de que con fondos públicos se garanta que ningunha nena ou neno de Galicia se quede sen praza en escolas infantís de 0 a 3 anos no curso 2017-2018?
2. Cantos bonos Concilia se concederon por provincias no ano 2016? Cal é a situación actual das solicitudes de bonos concilia, por provincias, no ano 2017? Como vai garantir a Xunta as prazas en escolas infantís para os nenos e nenas nadas na segunda metade de 2017?



3. Considera a Xunta o bono Concilia unha medida conxuntural ou estrutural? Non cre que este modelo favorece o negocio privado fronte o despregamento dunha rede pública?

4. Vai a Xunta aumentar as partidas para construción de novas escolas infantís públicas autonómicas nos orzamentos de 2018? Cantas novas escolas de ensino infantil vai a Xunta construír en cada unha das provincias galegas en 2018?

5. Ten a Xunta un plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil de 0 a 3 anos que teña en conta as necesidades reais da poboación das comarcas galegas?

6. Vai a Xunta reclamar do Goberno do Estado a ampliación dos permisos por nacemento e adopción, iguais e intransferibles, para nais e pais?

7. Vai a Xunta aplicar maiores exencións de taxas ás rendas máis baixas, tendo en conta a situación socioeconómica galega, de consolidación dunha sociedade desigual con altos índices de risco de pobreza, especialmente infantil?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/09/2017 11:02:24

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodriguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As necesidades de servizos sanitarios do concello de Lalín exceden as posibilidades que ofrece o centro de saúde da vila, construído nos anos 70 e que presenta déficits que son dificilmente emendables, de tipo estrutural e que non pode responder á relevancia e entidade da poboación á que debe atender, condicionada pola súa radicación xeográfica, o ámbito de influencia e o volume poboacional.

Estas reivindicacións son xa permanentes dende hai moitos anos, e os diversos gobernos municipais tiveron distintas actuacións, de igual maneira que a Consellería de Sanidade tivo distintas posicións no modo de afrontar esta cuestión.

No ano 2007 comezouse a traballar, por parte da Consellería de Sanidade, na posibilidade da construción dun Centro de Alta Resolución en Lalín, de forma que se puidese dar saída a unha necesidade de servizo como a que se tiña. O Goberno local de entón puxo dificultades a aquel proxecto que, non entanto, quedaba encamiñado no 2009. Co cambio de Goberno autonómico, existiu maior entendemento entre o Concello, que deixou de poñer tantas dificultades, e a Consellería de Sanidade, e en 2010 anunciábase a construción do CAR no Alto de Vales, que se materializa en 2011 na sinatura dun convenio de colaboración para este proxecto. Este convenio nunca foi materializado nos seus puntos ata 2015, novamente eleccións municipais, no que se asina novamente un protocolo de cooperación entre as institucións, que o PP dá visibilidade no Parlamento de Galicia a través dunha iniciativa parlamentaria aprobada e que pretende poñer en valor tal acordo e a próxima construción do CAR.

Para poder chegar a ese punto, o Concello de Lalín fixo un grande esforzo coa adquisición dos terreos por diversas vías, asumindo o Concello todo o custe deste proceso e que supuxo algunhas renuncias a outros investimentos e necesidades.

Grupo Parlamentario

O cambio de Goberno municipal en Lalín provocou o cambio de actitude da Consellería de Sanidade, quen dende 2015 fixo oídos xordos ás peticións do Concello de Lalín dos avances necesarios, e que ata este momento alcanza o feito de non dar resposta nin recibir ao alcalde de Lalín e aos membros do Goberno municipal. En xuño de 2017, na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, o xerente do Sergas asumiu que a infraestrutura, agora, non era “prioritaria”. No mesmo tempo, o Concello de Lalín aprobou por unanimidade unha moción que solicita, entre outras cuestións, o cumprimento dos acordos asinados e o inicio das obras para a construción do CAR.

Esta sucesión de acontecementos amosa unha obvia intencionalidade do Partido Popular, local e autonómico, de utilizar as necesidades sanitarias dos veciños de Lalín e a contorna afectada como ferramenta meramente electoralista pero con nulas intencións reais de dar resposta, así como de bloquear as accións e iniciativas do Goberno Municipal toda vez que non é rexido por un alcalde do seu partido.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando ten previsto o Goberno galego iniciar os trámites para a construción do Centro de Alta Resolución (CAR) de Lalín?

2ª) Por que existe o cambio de criterio sobre a necesidade e prioridade do CAR de Lalín por parte da Consellería de Sanidade?

3ª) Pode garantir o Goberno de Galicia que a súa actuación e suposto cambio de criterio ten que ver co cambio de goberno municipal?

4ª) Como valora o Goberno galego o non cumprimento de acordos asinados co Concello de Lalín?

5ª) Por que o conselleiro de Sanidade non recibe nin responde ás peticións feitas dende o Goberno Municipal de Lalín?



 Grupo Parlamentario


Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2017 13:15:07

Noela Blanco Rodríguez na data 07/09/2017 13:15:24



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727